9. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación como ferramentas de uso habitual e transmitir mensaxes escritas ou orais básicas nunha lingua estranxeira.

Trata de comprobar que os alumnos e as alumnas seleccionan as novas tecnoloxías axeitadas aos traballos que deben realizar e as utilizan con frecuencia e eficacia, ao mesmo tempo que asumen a realidade do mundo globalizado actual que exixe coñecer outras realidades culturais e económicas, o que nos obriga a interpretar e transmitir mensaxes básicas nunha lingua estranxeira.

Proxecto interdisciplinar.

Non é unha materia máis, senón un achegamento, de forma conxunta, compartida, aos saberes das outras materias do currículo.

En ningún caso será estudo complementario dunha materia do currículo.

Pretende un tratamento globalizador aos distintos aspectos que interveñen á hora de construír o coñecemento que, por estas características, facilite o tránsito da primaria ao ensino secundario.

En todo caso busca o achegamento, de forma compartida por varias áreas do currículo, ás competencias básicas.

Na vida, os saberes preséntanse como un todo. Un todo variado e múltiple. Traballar esa multiplicidade que está nos saberes para construír un coñecemento global a partir dos diversos puntos de vista disciplinares é o obxectivo principal do «proxecto interdisciplinar».

Pretende ser, así mesmo, un traballo compartido, en que conflúan os esforzos de cada persoa dos equipos creados na aula.

Os seus compoñentes serán:

* Planificación.

* Busca e tratamento da información.

* Comprensión e expresión con textos de variado tipo e formato.

* Exposición oral, escrita e en soporte informático do traballo realizado.

Organización:

Os proxectos serán decididos no seo da comisión de coordinación pedagóxica e aceptados polo claustro do profesorado.

Os centros educativos, na súa programación anual expresarán as características do proxecto, con autonomía para decidir o eixe central e metodoloxía de traballo.

A Administración educativa poderá, en todo caso, propoñer algúns proxectos, a modo de exemplo, se fose considerado oportuno.

Terán que intervir polo menos dúas materias do currículo, á aparte da lingua e a tecnoloxía da información como materias instrumentais.

Profesorado:

A persoa responsable do proxecto interdisciplinar será prioritariamente a persoa titora do grupo e,en todo caso, en colaboración estreita cos distintos departamentos didácticos implicados.

Avaliación:

Os criterios de avaliación terán como referente a consecución das competencias básicas, facendo fincapé en:

* Competencia en comunicación lingüística.

* Competencia dixital.

* Competencia aprender a aprender.

* Competencia en resolución de problemas

* Competencia en habilidades sociais e de autonomía.

ANEXO III

CADRO DE DISTRIBUCIÓN HORARIA

Materias	Cursos			
	1º	2º	3º	4º
Bioloxía e xeoloxía	-	-	2	3*
Ciencias da natureza	4	3	-	-
Ciencias sociais, xeografía e historia	3	3	3	3
Educación física	2	2	2	2
Educación para a cidadanía e dereitos humanos	-	2	-	-
Educación ético-cívica	-	-	-	1
Educación plástica e visual	2	-	2	3*
Física e química	-	-	2	3*
Informática	-	-	-	3*
Latín	-	-	-	3*
Lingua galega e literatura	4	3	3	3
Lingua castelá e literatura	4	3	3	3
Primeira lingua estranxeira	3	3	3	3
Segunda lingua estranxeira	2	2	-	3*
Matemáticas	4	4	4	3
Música	-	2	2	3*
Tecnoloxía	-	-	-	3*
Tecnoloxías	-	3	2	-

Materias	Cursos			
	1º	2º	3º	4º
Relixión	2	1	1	1
Proxecto interdisciplinar	1	-	-	-
Titoría	1	1	1	1
Optativa	-	-	2	3
TOTAL	32	32	32	32

Materias optativas:

3º curso:

-Segunda lingua estranxeira.

-Cultura clásica.

-Taller de iniciativas emprendedoras.

-Optativa ofertada polo centro.

4º curso:

-Cultura clásica (se non foi cursada en 3º).

-Taller de iniciativas emprendedoras (se non foi cursada en 3º).

-Calquera das oito materias do punto dous non elixida con anterioridade.

-Optativa ofertada polo centro.

ANEXO IV

Relación de materias coas especialidades do profesorado

* Materia: ciencias da natureza.

Especialidade profesorado: os cursos de 1º e 2º, mestres da especialidade de ciencias da natureza, bioloxía e xeoloxía, física e química.

* Materia: educación ético-cívica.

Especialidade profesorado: filosofía, xeografía e historia.

* Materia: educación para a cidadanía e os dereitos humanos.

Especialidade profesorado: filosofía, xeografía e historia.

* Materia: taller de iniciativas emprendedoras.

Especialidade profesorado: administración de empresas, economía, organización e xestión comercial, formación e orientación laboral, xeografía e historia.

* Materia: historia e cultura das relixións.

Especialidade profesorado: filosofía, xeografía e historia

* Materia: informática.

Especialidade profesorado: tecnoloxía, informática, matemáticas, física e química.

ANEXO V

Proxecto lector de centro.

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluirán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:

* A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.

* A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.

* A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.

* O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

* O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

Fundamentos.

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva exixe, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.